




Besbello Saltón  
2008/09



I.E.S. Alexandre Bóveda

# A MODO DE EDITORIAL

## O MEU BESBELLO

O Besbello é unha revista de moita tradición, procede da época na que circulaban os seiscentos e a música se escoitaba en discos de vinilo: botade contas. A informática non chegara aos institutos e non existía a cámara dixital, polo que había que levalo á imprenta e, como o presuposto era escaso, dependía da publicidade.

Pero a colaboración de case trinta persoas en levar adiante o proxecto fixo realidade os tres primeiros números. Logo, os alumnos acabaron os estudos e a maioría dos profesores marchou para outros destinos. E O Besbello esmoreceu ata que, andando o tempo, o tesón do equipo actual o fixo rexurdir, coa nova tecnoloxía e con moito esforzo pois seica a implicación da xente é algo escasa... Pero mantén o mesmo carácter co que naceu.

Naceu saltón e bulebole e recalcitrante, poeta comprometido, artista, ecoloxista, humorista e criticón, e galeguista, galeguista, galeguista.

Abrazou a causa da paz. E a da lingua e a cultura galega.

A causa da liberdade. E a da lingua e a cultura galega.

A causa da saúde. E a da lingua e a cultura galega.

A causa do medio ambiente. E a da lingua e a cultura galega.

A causa da solidariedade. E a da lingua e a cultura galega.

A causa do urbanismo da cidade e a dignificación do barrio de Coia. E a da lingua e a cultura galega.

A causa do ensino público. E a da lingua e a cultura galega.

A causa dun ensino non sexista. E a da lingua e a cultura galega.

A causa dun ensino non racista. E a da lingua e a cultura galega.

A causa da boa fama do noso instituto. E a da lingua e a cultura galega.


Daquela xente que botou a andar O Besbello xa non queda no instituto ninguén máis ca min e eu xa me vou tamén. Xubírome. Podédesme crer que de todas as satisfaccións que levo na maleta, que son moitas, a causa do Besbello é unha das máis gratas.

Vaia o meu manifesto para animarvos a continuala.

C. Panero

Vigo, 10 de maio de 2009

## Porque o noso instituto se chama Alexandre Bóveda



### ALEXANDRE BÓVEDA

Alexandre Bóveda foi unha figura fundamental no galeguismo contemporáneo. O seu labor foi sesgada pola barbarie franquista, malia a ser autor dun extraordinario traballo en favor da liberdade, da convivencia democrática, da solidariedade e do progreso de Galicia.

# TAMÉN SE VAN ALGÚNS PROFES



Carmen Fernández



Charo Roces



José Mª Cordobés



Gerardo Sacau



Lourdes Perea



Mª Carmen Panero



Teresa Osorio




Teresa Cámara

# Especial Carme Panero

## Elas2

Saúde a Elas, mulleres en alba de Galicia.  
Convócasenos cada ano nos Idus de marzo  
para entonar a albada do canto feminino.  
E nós acudimos ó coro co aval de maríasbalteiras,  
das literatas, das bachilleras, das virxinias, das simonas,  
das mulleres que, nunha lenda de cidades sen nome,  
nos legaron unha voz.  
Pero inevitablemente, nesta alba triste de Galicia,  
non vai ser o noso un canto de felicitación.  
Xunto da palabra, as máns da solidariedade nos conforten.

**Carme Panero** *Elas 2* Secretaría da muller CCOO





A...,X,Y,Z.

Non lles vou chamar polo nome, porque o que non ten nome non existe. Con eles —A..., X, Y, Z— pasou algo parecido ao do pazo da miña vila, que vos hei contar. Ninguén dos vivos recordaba os tempos de esplendor do Pazo, pero nós, sendo nenas, xogamos tanto con eles que fomos quen de reconstruílos.

Gustábanos o seu acougo solitario de cotío e tamén maxinalo engalanado e luminoso os días de festa. Sabíamos da riqueza de cantos dourados dos libros na biblioteca e das botellas borrallentas na bodega. Agachadas baixo as fiestras, no xardín, asexamos as medias palabras dos que conspiraban no salón de fumar, decorado con retratos de familia e trofeos de caza. As notas da lección de canto dos infantíños, que saían polo balcón do primeiro andar, mantivéronnos absortas moitas veces. Disputámonos ao pé dos muros o amor do vinculeiro que tiña a apostura do seu antecesor —o que leva o estandarte da procesión no cadro da igrexa vella— convertidas en dignas damas das mans que bordaron os panos antigos dos caixóns da sacristía.

Todo isto durou ata o día en que o aire se encheu dos repeniques de canteiro que viñan do Pazo. Entón foi cando descubrimos dentro un patio cheo de silvas e de ponlas intrin- cadas. Tras do cartelón de letras grandes que explicaba a empresa artística, uns homes foron apilando as pedras dos muros. Sinaláronas con tintura branca —A..., X, Y, Z— e, desta maneira, transportaron lonxe o Pazo, pedra a pedra, cos nosos soños.



Ignoro qué fantasías espertaba o Pazo nos rapaces —A..., X, Y, Z—. Daquela corrían en derredor del para atacalo ou defendelo con armas de pau. Tampouco sei se lamentaron como lamentamos nós a súa ausencia, pois eles medraron tan calados como as pedras que se foran. Mentres medraban, levantaron muros en torno de si mesmos, que non me permiten poñerlles un nome.

A..., X, Y, Z. Cadanseu pazo que esconde o dourado do canto dos libros, a riqueza das botellas borrallentas ou as medias palabras dos conspiradores.

Non cobizo a súa semellanza coa grandeza e o señorío do Pazo. Pero admirame cómo bolen ao son da música nas festas e tamén o seu acougo solitario de cotío.

**Carmen Panero.** *Diario do mimo* Galaxia






# OS NÓSOS MÚSICOS

Os músicos do noso insti víronse reforzados por dous curso do bacharelato musical do Conservatorio que este ano se incorporaron ao noso centro







# PORTADA HAI UNHA, PERO NÓS TIÑAMOS MÁIS







KEVIN CASTIÑEIRAS 1º ESO A



PEDRO CELARD 2º BACH D




SARA MARTÍNEZ 2º BACH D



VERA SOBRAL 2º ESO C



YAGO RODRÍGUEZ 3º ESO A



ÓSCAR IGLESIAS 1º ESO B

## OS NOSOS FUTUROS ESCRITORES

### *Reflexión sobre a lingua, un recordo:*

Preservar a riqueza lingüística e cultural da terra é o mesmo que preservar para o futuro a riqueza ecolóxica e paisaxística.

Na familia ninguén fala nin falou nunca galego e durante a miña infancia case non coñecín a miña propia lingua, agás cando ía a Padrón: a señora Maruxa non sabía castelán.

Na escola tiven unha profesora que se chamaba Marilina, era de Lugo e cría que os tempos pasados foran mellores. Nesa etapa tampouco escoitei o galego, e moito menos o empregaba. Sen embargo Marilina era moi esixente en historia, aínda lembro os procesos de construción da Catedral e os contos dos antigos reis de Galicia. Pero sempre eran contos en castelán. Anos despois descubrín que a lei supoñía que era bilingüe, que erro!

Xa no instituto tiven que enfrontarme a exames e a unha asignatura específica. Aborrecíaa e ao mesmo tempo sentía a necesidade de recuperar ese anaco que se perdera de min. Un día, comendo na miña casa, lembro que dixen:

-Papá, eu quero falar galego.

Teño moi presente ese recordo porque foi o inicio da miña evolución como persoa. Hai quen pensa que saber moitas linguas implica non saber ningunha, pero iso non é certo.

Logo sentín unha fonda pena por non ser capaz de cumprir a miña promesa: a Sociedade levábame outra vez xunto a Marilina e non comprendía o porqué de tanta confusión.

Durante moito tempo pesoume o castelán, pero unha noite soñei con algo reconfortante: era e una vida futura, cos fillos e a muller. Falaba galego. Souben entón que a lingua dos meus soños era a de Rosalía, Curros, Pondal, Mendiño, Martín Códax...

Por iso que o galego non renuncia a estar no mundo e estou convencido de que a Normalización funciona e que somos moitos os que nunca deixaremos que a nosa lingua se esqueza. Os prexuízos quedarán con Marilina e as novas xeracións non rexeitarán a súa identidade e levarana consigo. De onde nunca debeu saír.

Juan Carballo Tubío 2º Bach D



# Se eu fora invisible...

Hoxe levanteime cunha terrible dor de cabeza. Cando me pasa iso adoito mollarme a cara ou beber auga ... Pero hoxe é diferente. Vexo borroso e teño a cabeza coma se estivese a flotar nun ceo de nubes grises e vacas voadoras con ganas de esmorga. Vou almorzar e atópome con que na mesa só hai tres pratos e só tres torradas na tostadora ... Se fose fillo único iso non sería un problema. O que pasa é que eu teño un irmán que está a charlar tristemente cos meus pais. Nin sequera está a miña cadeira na cociña. De súpeto, a miña nai bótase a chorar dicindo non sei que de: “Onde estará o meu fillo!... Onte estaba connosco e hoxe...” O meu pai consólaa dicindo: “Tranquila, xa verás como o atopamos...” Pregúntolles que pasa pero parecen non escoitarme. Téñome que ir e aínda non almorcei... Despídome da miña familia, aínda que non me fan caso, pero non me fixo moito niso porque me teño que largar correndo ao insti.

Ao camiñar pola rúa, vexo á xente sinalándome e gritando: “Ouh non! é a mochila flotante!”, ou ben “AXUDAAA, as carteiras voadoras están por todas partes!”...

Voume correndo sen facerlles moito caso (grazas á atroz xaqueca e ao encantador asubío na testa que me acompañan desde as sete da mañá) e non me paro até a rúa do Botijo, onde todos os días me espera o meu amigo Javier. Adoitamos quedar alí para ir xuntos até o instituto. Hoxe está alí plantado, como sempre. Saúdo, pero parece non ouvirme.

Póño a boca na orella e berro con todas as miñas forzas: “OOOOOOOOOOOLAAAAAAA!!!”, e non reacciona... Prefiro irme só para o instituto, aínda que adoito entrar con el...

Ao chegar, ninguén me saúda, e aínda por riba tropezo cun mozo de Bacharel, pero el tampouco reacciona. Non sei por que... Ao pasar lista, a profe di o meu nome, e eu, loxicamente, levanto a man, peeeeeeeero, despois duns segundos,pregoa: “Bo, hoxe só falta Óscar...” Iso xa é o colmo!... Como parece ser que ninguén sabe que existo, aproveito para irme ao baño a despexarme un pouco. Alí doume conta de que non se ve o meu reflexo no espello. Bo... estará roto, supoño... Creo eu que todo o mundo está organizado un complot contra min... Ou se non, que narices me pasa?! Espero que mañá todo volva ser normal!

Por certo... hoxe soñei que me espertaba e era invisible ... ..

Oh... Mércores...

ÓSCAR IGLESIAS GONZÁLEZ 1º ESO B





## Ser invisible

---

Ola, son a científica Alexandra Rover, coñecida polas miñas expedicións, e vouvos contar algo curioso que me aconteceu cando me mandaron a Zambia para investigar os efectos dunha vacina que se ía administrar a persoas dunha tribo, contra unha forte febre.

Cando cheguei, os habitantes tratáronme moi ben, aínda que me custou un pouco aprender o seu idioma e os seus costumes. Quedeime nunha choza , non moi grande pero acolledora. Durante uns días ensináronme as súas terras que eran bastante extensas. Pero chegou o día definitivo, o 1 de febreiro cando lles tiña que inxectar a vacina á xente da tribo, para coñecer os seus efectos; se a vacina resultaba idónea extenderíamola por todo o continente. Decidín probala primeiro coas persoas maiores e despois cos nenos. Os primeiros días, as persoas as que lle inxectara a vacina atopábanse ben. Pasados 5 días decidín administrar a vacina a un neno que tamén sufría a febre. Ao día seguinte, os pais do neno, moi preocupados achegáronse á miña choza , o neno desaparecera. Eu non sabía que facer, así que decidín poñerme a buscalo coa axuda da tribo. Buscámolo por todas partes pero non apareceu. Decidín ir ata Angola, e tampouco estaba. De volta cara Zambia notei algo estraño detrás de min, era o neno, volvérase invisible . O estraño era que podía falar. Conversamos de volta cara á tribo. Malcom, no seu idioma díxome que se perdera, pero que o pasara moi ben, bañárase nos lagos, comera moito, xa que lles roubara comida ás persoas das tribos máis ricas, e fora ata Luanda e para iso sobrevivira cos manxares roubados. Eu non sabía que ocorría, era a única persoa que podía velo . Pregunteille se lle volveran inxectar a vacina e díxome que si. Cando chegamos a Zambia díxenllo á xente da tribo , que evidentemente non me crían, pero el deu sinais de que estaba alí e moi sorprendidos créronme. Malcom e a súa tribo deixaron de vacinarse , e despois dun día Malcom xa era visible , a vacina tivera un efecto secundario sobre el. Eu decidín volver a América para investigar os efectos da vacina . Alí, formouse unha gran revolución e despois de estudar os seus efectos decidimos sacar ao mercado unha vacina chamada INVISIBILIDADE que resultou ter un gran éxito.

**KELLY IGLESIAS HERVELLA 1º ESO E**

## **Futuro incerto**

---

Chámome Carlos, teño 16 anos e vou en 2º da ESO. Si, seino, é penoso. Son como un xigante entre ananos e todos me teñen "respecto".

Recoñezo que non son demasiado boa persoa, pero... que esperaban? Se xa deixei de ter esperanza, se non creo que o destino me depare nada bo, para que molestarme en facer amigos?

Odio a miña vida.

Recordo cando comecei a fallar. Ata o momento, eu fora un alumno exemplar, pero cheguei ao instituto e todo cambiou: os meus pais comezaron a ter problemas e separáronse, comecei a xuntarme con xente problemática e as miñas notas caeron en picado. En resume mandei todo a fritir espárragos.

E agora estou aquí, no meu primeiro día de clase doutro longo Segundo que non aprobarei. Entra o profesor e preséntase. Di parvadas que eu non escoito e, por fin, soa o timbre e saímos da aula coma tolos. Pero o profe non me deixa saír. Quere falar. Non podo evitar rir, porque eu son un caso perdido. Pero el dime que confía en min. Que podo conseguilo...

E eu créollo.

Un raio de esperanza. Podo ter un futuro.

Unha nova vida.

ARIADNA ARIAS, 2ºESO D

## **Bonita paisaxe...**

---

Esta é a bonita paisaxe que eu vexo dende unha simple ventá da casa da miña aldea.

Mirando cara abaixo hai unha grande viña, que chega ata unha pequena eira, cunha figueira e un limoeiro. Debaixo desta viña pasa un camiño que remata nunha leira de patacas. Para a dereita pódese ver unha grande laranxeira ao lado do curral das galiñas, tamén cunha viña por enriba. Cara a esquerda está a casa dos veciños, pintada dun verde moi rechamante; enfronte desta casa hai un hórreo de pedra xa algo vello onde se garda o millo. Ao lonxe, outra casa co seu xardín cheo de flores moi coloridas. Xa mirando para o fondo obsérvanse numerosas leiras de millo e outras que non teñen nada plantado.

Entre todas estas leiras resalta o camiño que as comunica entre si.

A esquerda destas hai algún castiñeiros que, pouco a pouco, aumentan ata formar un grande monte. Pola dereita das anteriores leiras hai outra aldea, de non máis de dez casas, comunicada ata aquí por unha estreita estrada. Máis lonxe de todo o anterior elévase unha pequena montaña chea de árbores que forman outro extenso monte. No seu lado dereito encóntranse

varios muíños eólicos. No máis alto pódense ver algunhas árbores separadas das outras, que se ven como sombras por culpa do sol.

O ceo agora mesmo ten pequenas nubes, aínda que non impiden que o sol, que pronto se irá agochando detrás da montaña, ilumine toda esta paisaxe.

Isto é todo o que se pode ver dende unha soa ventá.

JUDIT CARRETE, 2º ESO E

## Historia dun soño

---


Acordei, de súpeto, mirei ao meu redor, onde estaba a meu andel? Onde estaba a cama? Onde estaban os libros, as ventás, o tellado? Onde estaba todo?

Púxenme nervioso, atopábame nun bosque, perdido, sen rumbo...

Chorei (daquela aínda era pequeno), despois erguinme e camiñei, apenas encontrei forzas para facelo, pero fíxeno, primeiro un paso, logo outro... así ata que albisquei unha cabana. Tiña unha luz acesa, pensei que houbera persoas dentro e petei na porta unha vez e, logo, outra, sen resposta ningunha. Abrín a porta, localicei un vello arcón e nada máis, abríno, aparecéuseme un despertador, empezou a soar e vibrou. Vibrou tanto que o chan abriuse e...

...acordei, esta vez co andel, a cama, os libros, as ventás, o tellado e... o despertador soando!!!

IAGO SIEIRO, 2º ESO E



# O MEU CEREBRO

É a nova revolución científica... O maior descubrimento da humanidade... É... ¡o S.P.C! O Sistema de Presión Cerebral (non o Servizo Profesional de Carrera), e mídese de esta maneira:

$$(P = c \cdot e^2 \cdot \sqrt{h^3})$$

(Presión = cabreo por velocidade da luz ó cadrado pola raíz cadrada do humor ó cubo.)


Variación de presión ó longo do día.

Lenda: 0 = vexetal 10 = moi bó 20 = Bó 30 = estable 40 = regular 50 = malo 60 = moi malo 70 = malísimo 80 = ¡¡BOOOOOOOM!!! 90 = gas

HORA

COMENTARIOS

- 7:00 Levántome, vístome e fago a cama. Nivel: 30 = Estable
- 7:10 Almorzo moito para recuperar-me de onte e falo cos meus pais e co meu irmán. Nivel: 20 = Bó
- 7:35 Leo, repaso para os exames, preparo todo e... ¡Descanso!... Nivel: 10 = Moi bó
- 8:20 Prepárome para partir cara esa escura rexión á que os poucos superviventes que volven denominan "Instituto" (onde nin sequera hai Radio Patio os venres)... Rezo para que non haxa un gracioso exame sorpresa... Levo a miña man cara o pomo da porta nun movemento desesperado e nuns segundos que se me fan eternos... Despídome dos meus seres queridos coa esperanza de volver algún día... Nivel: 40 = Regular



- 12:14 O meu corpo comeza a sufrir convulsiones mentres oio os desesperados gritos dos meus torturados compañeiros... Dóeme moito a cabeza. Nivel: 60 = Moi malo
- 12:20 De repente, todos nós vislumbramos unha pequena pero brillante e esperanzadora luceciña ó final do escuro e longo túnel... ¡¡O recreo!!



Nivel: 40 = Regular

14:15 Despois de seis millón de milésimas de segundo despois, saio á rúa por fin, penso outra vez máis que me salvei dunha morte segura e respiro o aire impuro, cargado de olor de desodorante usado en balde, fume de tubo de escape e humanidade.  
Nivel: 30 = Estable

14:30 Comezo a comer... ¡¡NOOOOOON!! Coliflor con guiso de pescado soso...  
Nivel: 35 = Estable-regular

15:00 Fago os deberes. Hoxe teño traballo de todas as asignaturas, iso sumado cos deberes atrasados de onte (¡Qué pasa! É que non tiven tempo...)  
Nivel: 40 = Regular

HORA COMENTARIOS

16:15 Vou ó Rebumbio Matemático... Hoxe non teño ningunha gana de ir...  
Nivel: 50 = Malo

19:00 Empezo a clase de tenis... Nivel: 40 = Regular

20:15 Dúchome... Uf... Que alivio... Nivel: 30 = Estable

20:25 Ceno. Adiviña o que hai... ¡Sobras de coliflor! Nivel: 40 = Regular

21:45 Vou durmir. hoxe estou especialmente morto de sono... O meu \*simpatiquísimo\* irmanciño non apaga a luz ata as dez e media.  
Nivel: 50 = Malo

22:40 Ó meu irmán dálle por poñerse a cantar, e eu xa teño xaqueca aguda.  
Nivel: 60 = Malísimo

23:30 ¡Ó fin PAZ! Pero de súpeto, el (quen vai ser senón...) levántase e bérrame ó oído:  
“¿¡ESTÁS ESPERTO!!!?”, e, como non lle fago caso, pégame patadas dende a súa cama.  
Nivel: 75 = Fataaaaal...

24:45 Pasa moito tempo sen dar sinais de vida, pero agora dedícase a acender e pechar a luz. Dóeme a testa moito máis do que unha persoa pode soportar... ¡¡Aiiiiiii!!!...  
Nivel: 85 = ¡¡BOOOOOOOM!!!

24:46 “Agora mesmo o noso coelliño de Indias non está en condicións de narrar o que pasou. O seu cerebro rebentou pola presión. O seu encéfalo rexenérase ás 7:00 da mañá” Nivel: ✖ Plof

Lenda: 0 = vexetal 10 = moi bó 20 = Bó 30 = estable 40 = regular 50 = malo 60 = moi malo  
70 = malísimo 80 = ¡¡BOOOOOOOM!!! 90 = gas

ÓSCAR IGLESIAS GONZÁLEZ 1º ESO B

## TONTA ENAMORADIZA

Si, a ti...Tonta enamoradiza! A ti que te namoras de calquera cousa... A ti que coñeches ó imbécil número 574, 839, 187, 623... e sempre dis: este si! é o mellor! é o que estaba a esperar.... E que fas? Deixas o móbil acendido 24 horas ao día, esperando que te chame, e se che entran ganas de cagar, aguantas por se te chama xusto cando estas facendo forza e empurrando... Durante unha semana, vísteste como unha raíña e cres, cegamente, que te vai chamar... sorrísle a calquera estupidez con cara de tonta...e poste perfume todo o día... peitéaste cada cinco minutos e depílaste cada dúas horas para estar lista... porque ti sabes que te vai chamar! E soa o teléfono! que ata o puxeches en vibrador para que fora máis emocionante! E o teu sorriso salgue da túa cara! miras a pantalliña coa mesma cara de parva... e segues agardando porque non é el... pero non che importa.

Volves á túa casa contenta porque pensas que vai estar na porta cun ramo de flores, axeonllado... Non, mellor! tirado no chan pedíndoche desculpas! E chegas á casa e aí está a túa nai, que che di que non chegou nin a revista de Carrefour...E como aínda non chamou, que fas? O chamas! Pero non te contesta... (porque foi cagar) ...e aínda non te conformas, mándaslle unha maldita mensaxe, dis: este non falla, fixo que o lee... e aí quedas esperando a que lle dea a puñeteira gana de contestarcho, e todo para que o subnormal non teña saldo... Pero ti o entendes e dálle outra oportunidade... tan boa ti... Seguro que che mandou un e-mail! E que fas??? Acendes o ordenador contenta, segura de que che mandou unha declaración cibernetica onde explica todo... pero ningunha mensaxe nova, nin se queira unha cadea onde te condenan cunha maldición xitana se non a reenvías a 1300 persoas en menos de 3 segundos... E te enfadas...máis ben...te encabronas!rebentas!... O GILIPOLLAS DE MERDA, CABRÓN, NOXENTO ...e sácaslle todas as grosarías que saibas aos catro ventos! E que fas? Chamas a todas as túas amigas e queímaslles o cerebro coa inexplicabilidade dos feitos...E que fas?Bótaslle todas as maldicións que te saibas, queres que se faga merda contra unha ponte e que perda a memoria e que o único que lembre sexa a ti! E dis: “a este non lle contesto nunca, vaise arrepentir toda a súa vida!” E soa o teléfono (ou che manda unha maldita mensaxe) e aí esta ese número que esperaches toda a maldita semana... parpadeando na túa pantalliña!

E que fas? Contéstaslle! DE LUXO... NOOOOOOOOOOOOOOOOOOOON! Qué fas? ESTAS TOLA?? NOOOOOON!!! TONTAAAAA!! Sabes o que che vai pasar? Vaiche dicir que estivo ocupado... que quedou cuns amigos da universidade, que é súper responsable que estivo a estudar ata tarde, que estaba adestrando, que tiña un parcial, que non durmiu en toda a semana por estudar, que esqueceu o móbil na casa do seu amigo, que se lle esgotou a batería, que o apagou un ratiño, que non tiña cobertura, que estaba a traballar sen case comer nin durmir porque toda a súa familia está pendente del... e claro, vaslle crer... sabes por que? POR ESTÚPIDA!! POR ESTAR CEGAMENTE NAMORADA DEL!! E o peor é que te vai invitar a saír...e todo o que o insultaches e o que tiñas planeado dicirlle vas metelo polo precioso cuíño que che quedou despois dunha semana de non comer polos nervios! E vas rematar na súa cama! Durmindo co inimigo... e despois acompañarate ao coche e iraste para a túa casa... de onde nunca debiches saír!! E que farás? Collerás o móbil para dicirlle o ben que estás con el sen pensar que para el fuches unha máis... collerás o móbil por se te chama para ver se chegaches ben... e esperarás un anaco longo... e así mil e unha veces.. por que? por parva, por pensar que iso só cho di e o sinte por ti... por non dicir ATA AQUÍ ABONDA XA... por pensar que cambiaría, que seguiría só o teu camiño... Levas xa moito tempo así... e gústache? pretendes seguir

así? vendo como el te utiliza cando lle peta e cando non, ti PARVA chorando por el? NON, faime caso amiga... espera a que te chame ese tío... pero mentres chama a outro! Colle o teu banco suplente e ármate un partido de reserva! divírtete... deixa que te busquen, que celebren os seus goles, pero mándaos ao banquiño antes de que se lles suba a fama á cabeza... porque ti es ÚNICA, A MELLOR, A MÁIS GUAPA, A MÁIS SEXY, A MÁIS SIMPATICA, A MÁIS CARIÑOSA... A MÁIS TODO! E algún día ese rapaz ao que ti xa esqueceras decatárase do moito que perdeu e á marabillosa rapaza que deixou escapar por non querer só o seu camiño senón o doutras tantas... entón será o SEU MOMENTO... a historia volverá a suceder pero el será o protagonista... ¿SABES TI O QUE DOE?

ESPERTEMOS E MIREMOS ADIANTE, HAI MOITO E MELLOR

ANA PÉREZ MARTÍN 2º BACH C



# POESÍA

## O tenis

Como vas saber o que é o AMOR  
se nunca tiveches unha raqueta.

Como vas saber o que é DOR  
se xamais torciches o nocello.

Como vas saber o que é PRACER  
se nunca gañaches un torneo.

Como vas saber o que é CHORAR  
por unha bola que botou mal.

Como vas saber o que é a HUMILLACIÓN  
se nunca perdiches 6-0, 6-0.

Como vas saber o que é a AMIZADE  
se nunca xogaches un dobres.

Como vas saber o que é a CONFIANZA  
se nunca remontaches un 5-0.

Como vas saber o que é GOZAR  
se nunca fixeches un “ace”.

Como vas saber o que é ARTE  
se nunca fixeches un gran “willy”

MARTA GONZÁLEZ NIÑO, 2ºESO D





### **Medo**

Sento a brisa dun aire  
crudo e frío entre os meus pes...

Dame medo...

Recórdame cousas...

Será que a lúa sanguenta  
sufre namorada,

Como pensativa...

Asústame,

pero é unha sensación agradable,  
non sei como describila...

Tal vez como unha mañá soa,  
perfumada,

pero triste por un amor  
que pasou fai siglos,  
non se olvida...

Pero é o terror que habita...

O terror que me inspira  
e me dá medo.

AROA LLAGUNO SOUTO 3º ESO B

## Catro ...

---

Catro soños que se afunden,  
catro soños que se van,  
catro bicos no meu peito,  
catro bicos no meu lar.

Catro estrelas no meu ceo  
catro estrelas no meu mar,  
catro voces que se escoitan,  
catro voces que se van...

MARÍA SÍO, 2ºESO B

## Louros campos ...

---

Louros campos casteláns  
aos que imos traballar,  
tede tino cos nosos osos  
cando esteamos a labrar.

Axuda ás nosas xentes  
para logren voltar  
cara á terra dos mil ríos  
onde poidan descansar.

DAVID REBOLLO, 2ºESO E

# LA PAZ ES

La paz es un pensamiento en el aire  
La paz es un baúl lleno de oportunidades  
La paz es el lenguaje de los poetas  
La paz es la enseñanza de nuestros maestros  
La paz es un tiempo muerto en un combate

La paz son dos amigos que se quieren  
La paz es un camino colectivo  
La paz es el arco de Cupido  
La paz es la semilla de la esperanza  
La paz es la orilla de una playa

La paz es la fuente de la vida  
La paz es el sello que nos falta  
La paz es una palabra singular  
La paz es el mejor momento del día  
La paz es la mirada de un niño

La paz es una vida sana  
La paz es una sonrisa satisfecha  
La paz es una mano negra y una blanca  
La paz es un nuevo ser vivo  
La paz es el silencio del universo

La paz es la tranquilidad serena  
La paz es un mundo ecologista  
La paz es el corazón de un niño bueno  
La paz es la armonía entre las gentes  
La paz es encontrar a la persona que buscaba




La paz es la lluvia en tu techo  
La paz es una tarde con tus amigos  
La paz es el cariño de unos padres  
La paz es tu mano junto a la mía  
La paz es el aire puro y limpio...

**2º ESO A**

# OS NOSOS QUERIDOS PROFES









## **Entrevista a Marita Costas .Contacontos e actriz de teatro.**

Marita Costas estivo no I.E.S. para entreter,coas súas habilidades teatrais, a todos os primeiros de E.S.O. Interpretou tres contos populares que foron a ledicia de todos os asistentes.

Nós, Iria e Alba, alumnas de 1º B, ímoslle facer unha entrevista.

**P.** Sabemos que es actriz e escritora. De nena xa pensabas en dedicarte a estas dúas profesións?

**R.** Si, sempre me gustou este tipo de comunicación cos demais.

**P.** Se non foses actriz, qué che gustaría ser?

**R.** Pois non sei, porque esta profesión é a mais fermosa para min.Tamén me houbese gustado ser mestra.

**P.** De todos os contos que levas contado, cal é o que máis che gusta?

**R.** *O lagarto*,porque foi co que me estrenei.

**P.** Cando empezaches esta profesión?

**R.** Foi no ano 1994 . Na escola xa formaba parte dun grupo de teatro, onde tamén aprendín a relatar historias.

**P.** Cal é o teu público preferido?

**R.** Nenos pequenos, e tamén xente maior.Con todos eles me sinto moi a gusto.

**P.** Que tipo de contos acostumas a contar?

**R.** De humor, medo,fantasía...

**P.** Estás formando parte dalgún grupo teatral?

**R.** Si, de *Víchelocrego*,de Nigrán.

**P.** Cantas actuacións levas feito na túa vida?

**R.** Unhas 500,aproximadamente.Coido que irei aumentando o número.

**P.** Ata cando pensas seguir nesta profesión?

**R.** Ata os cen anos,máis ou menos...

Moitas grazas por estares aquí.


Lembrarémoste sempre.

# O BESBELLO SALTÓN

Luis  
AB

2º ESO A Nº 2  
J. Luis Álvarez Brufano


ERASE UNHA VEZ UN BESBELLO SALTÓN



ÍA SALTANDO CANDO DE SÚPETO




VIU UNHA FORMIGA FERIDA



PRÉGUNTOLLE QUE LLE PASOU



INTENTOU LEVALA A CASA



PERO NON PUEDE SALTAR MOETO



PÁX: 1






PÁX: 2




# O BESBELLO SALTÓN

Abelardo Alvarez Bretaña  
2º ESO: A Nº 1



PÁx. 1

Alvaro Alvarez  
Breña  
2º ESO: A Nº1



FIN

PÁX: 2



# MULLERES NA HISTORIA

## Sofía Sonia Kovalevskaya

Foi unha das poucas mulleres que, malia os prexuízos da época, se fixo cun lugar moi notable na historia das matemáticas.

Naceu en Moscova, o 15 de xaneiro do ano 1850. Viviu a súa infancia en Pabilino, Bielorrusia. Sonia amou desde nena a lectura e a poesía, sentíase poeta no seu interior. Durante a súa nenez, ademais da súa irmá, dous dos seus tíos influíron notablemente na súa vida e no seu desenvolvemento intelectual. Un deles era un auténtico amante da lectura e crítico de artigos científicos e o outro ensinoulle ciencias e bioloxía. Pero Sonia foi tamén unha verdadeira autodidacta, que mesmo aprendeu dos escritos antigos que se colocaron nas paredes da súa antiga casa para empapelala ante a escasez de papel pintado (algúns destes escritos eran textos matemáticos moi importantes).



Aos trece anos empezou a mostrar moi boas cualidades para a álgebra pero seu pai, a quen lle arrepiaban as mulleres sabias, decidiu frear os estudos da súa filla. Aínda así, Sonia seguiu estudando pola súa conta con libros de álgebra, e aquilo que nunca estudara o foi deducindo aos poucos. A partir dos coñecementos que tiña, analizou por si mesma o que era o concepto de seno tal e como fora inventado orixinalmente. Un profesor descubriu as facultades de Sonia, e falou co seu pai para recomendarlle que facilitase estudos á súa filla. Ao cabo de varios anos o seu pai accedeu e Sonia comezou a recibir clases particulares.

Os anos da súa adolescencia foron anos de rebelión: foi a época das grandes loitas obreiras e manifestacións nas que o socialismo feminista ía gañando terreo en Europa. Ela e súa irmá Anyuta formaban parte dun movemento moscovita en favor da emancipación da muller. Desexaban saír a estudar a Alemaña, algo imposible naquela sociedade para unha muller solteira.

Até entón ás mulleres impedíaseles o acceso á universidade, polo que algunhas contraían matrimonios de conveniencia. Iso precisamente foi o que fixo Sonia para escapar do control paterno e poder saír a estudar. Así, casou con Vladimir Kovalevsky e marchou a Heildelberg, onde tampouco a deixaron acceder á universidade máis que como oínte. Pronto atraeu a atención dos profesores que a recomendaron para a universidade de Berlín para estudar con Weierstrass, a quen consideraba o mellor matemático da época. Alí tampouco estaba permitido o acceso das mulleres ás universidades, pero Weierstrass accedeu a traballar con ela en privado. Con todo, a pesar das súas dotes, o seu título e a influencia de Weierstrass, ningunha universidade quixo contratar os servizos dunha muller como docente.

En 1888 a Academia das Ciencias de París anunciou a entrega dun premio á mellor investigación "sobre o problema da rotación dun corpo sólido ao redor dun punto fixo". O traballo premiado, logo de ter quedado vacante durante os tres anos anteriores, foi o de Sonia.

Ademais, durante estes anos escribiu varias novelas e obras de teatro.

Por fin, en 1889 foi nomeada profesora en Estocolmo, grazas á súa gran valía e ao espírito aberto da Universidade en Suecia. Porén, dous anos máis tarde, Sofia morre en Estocolmo vítima dunha epidemia de gripe.

Non só foi a primeira muller que se doutorou en Matemáticas e conseguiu ser profesora de Universidade, senón que chegou a ser amiga e compañeira de traballo de grandes matemáticos, científicos e literatos da época. Foi, en resumo, unha gran matemática: creativa, orixinal e innovadora. E fixo súa a frase dun gran matemático da época: "é imposible ser matemático sen ser un poeta de espírito".

## Ada Byron

Augusta Ada Byron, Lady Lovelace, naceu en 1815 en Inglaterra. Foi a filla única do poeta inglés Lord Byron e de Annabella Milbanke. Seus pais separáronse cando ela tiña dous meses de idade, quedando baixo a tutela de súa nai. Annabella, chamada polo seu marido “a princesa do paralelogramo”, ensinou á súa filla matemáticas, astronomía, álgebra e xeometría, alimentando as ansias de Ada de continuar os estudos destas ciencias.



No ano 1833 acudiu a unha cea organizada pola súa amiga a tamén matemática Mary Somerville, onde coñeceu a Charles Babbage. Resultou moi impresionada pola súa *máquina de diferenzas finitas*, que desexaba xeneralizar nunha computadora. Non tardaron en comezar a colaborar xuntos na máquina. No ano 1835 Ada casou con William King, nomeado máis tarde Conde de Lovelace, de onde lle vén a Ada a súa denominación moderna: lady Ada Lovelace.

Durante moitos anos Babbage e Ada colaboraron na máquina analítica, considerado o primeiro “ordenador”, que podía realizar funcións como calcular números e facer contas. Ada redactou informes sobre a máquina analítica de Babbage e inventou a primeira linguaxe de programación. Unha linguaxe de programación é a maneira que utilizan os ordenadores actuais para recibir e almacenar ordes. Cando nós pulsamos unha tecla, o ordenador traduce a información á súa linguaxe e executa as ordes. Esta linguaxe, utilizada polos máis modernos ordenadores actuais, é a que descubriu Ada Lovelace Byron. Ada foi unha muller moi adiantada ao seu tempo e realizou numerosas investigacións e descubrimentos en todos os campos da ciencia. Coa súa mente brillante impresionara a Babbage e por iso colaboraron xuntos na creación da primeira computadora, a “avoa” dos nosos ordenadores actuais.

Son moitas as mulleres que fixeron aportacións á informática, pero só Ada Byron conta cunha linguaxe de programación que leve o seu nome: en 1979 o Departamento de Defensa dos Estados Unidos creou unha linguaxe de programación e púxolle o nome da súa precursora, a linguaxe de programación Ada. O seu rostro tamén aparece como marca de autenticidade dos certificados de licencia do sistema operativo Microsoft Windows.

Ada morreu dun cancro ós 37 anos, despois de plantar a semente da informática actual.

**Marta, Darío, Brais, Inés, Christopher, Miguel 3º ESO A**

# Hipatia de Alexandría

Hipatia de Alexandría foi unha grande matemática, astrónoma e filósofa, e o seu traballo máis importante desenvolveuse no campo da álgebra.

Naceu en Alexandría (Exipto) no ano 370 d.C. e morreu no 415 d.C. na mesma cidade.

Seu pai, Teón de Alexandría, foi un importante matemático e filósofo que se preocupou de que Hipatia tivese unha excelente educación, e ademais transmitiulle a súa paixón pola búsqueda do descoñecido foi o seu mestre dende pequena. Permittiulle converterse en astrónoma, filósofa e matemática, feito bastante inusual nun sistema onde as mulleres non tiñan dereito á educación. Teón quería que Hipatia fora, dito nas súas propias palabras; “un ser humano perfecto”, e por iso vixiou moi de preto a educación da súa mente e do seu corpo. Contan os seus biógrafos que dende moi cedo ela dedicaba varias horas ó exercicio físico; despois tomaba uns baños que lle permitían concentrar a súa mente para dedicarse o resto de día ó estudo das ciencias, a música e a filosofía. Contan tamén que dende idade moi temperá os seus coñecementos superaban mesmo xa os de seu pai.

Teón traballaba na biblioteca-museo de Alexandría, unha importantísima institución adicada á investigación e ó ensino. Hipatia formouse e traballou nel ata a súa morte, chegando incluso a dirixilo, no ano 400, pero tamén viaxou a Italia e Atenas previamente para recibir cursos de filosofía.

Hipatia adicou máis de vinte anos da súa vida a investigar e ensinar matemáticas, xeometría, lóxica, filosofía e mecánica no museo. Gañou tal reputación que estudantes de toda Europa, Asia e África acudían ó museo para escoitar as súas ensinanzas. Ademais, a súa casa converteuse nun gran centro intelectual dado que ela explicaba todas as ciencias a quen o desexase.

Ademais do ensino, o seu traballo máis importante foi en álgebra: fixo unha revisión dos “Elementos de Euclides” (esta edición da obra de Euclides é precisamente a que chegou aos nosos días); traballou na “Arimética de Diofanto” (que trata de ecuacións con solucións enteiras soamente); escribiu un tratado sobre “A xeometría das cónicas de Apolonio”, facendo máis entendible a obra... Tamén cartografou corpos celestes, confeccionando un planisferio; elaborou táboas sobre o movemento dos astros, interesouse pola mecánica, inventou un destilador para medir o nivel de auga e un hidrómetro para medir a densidade dos líquidos.

Pero Hipatia era pagá, e nesa época, despois de loitas para conseguir o poder, chegou Cirilo, o patriarca de Alexandría, un home moi cristián, que comezou cunha política hostil e perseguiu os que non compartían os seus ideais.

Hipatia tivera un alumno, Orestes, que fora prefecto imperial e que se enfrentou a Cirilo, sendo derrotado por este. Comezou entón a correr o rumor entre os cristianos de Alexandría de que Hipatia fora a causante desta discordia. E en plena Coresma un grupo de fanáticos lanzouse sobre ela mentres ía cara a súa casa en carruaxe, espírona e con caracois afiados fixéronlle cortes ata que morreu desangrada. Os culpables nunca foron castigados.

**Alex da Rocha, Yago, Andros, Dani, Eva, Pedro 3º ESO A**

## **EXCURSIÓNS, VIAXES, SAÍDAS 2008-09**

---

Desde o barrio de Coia imos a sitios moi lonxe e a sitios moi perto, viaxamos en avión (Roma), en barco (Cíes), en autocar (Vilasobroso, Valencia, Andorra...), en Vitrasa (Toralla, as salinas...) e a pé (Baiona, Redondela, Citroën). Faltounos o tren, pero o ano que ven iremos en tren.



**ANDORRA**



**ROMA**





**VALENCIA**



**LISBOA**



**BAIONA**





**REDONDELA**



**VILASOBROSO**



## **ACTIVIDADES VARIAS 2008-09**

Non esquecermos o magosto, o entroido, a música, o teatro (¡mesmo en inglés!)



CONCERTO TRADURBAN



TEATRO EN INGLES. GRUPO CLEVER PANTS

## CONCURSOS, PREMIOS ETC

Deletreamos en inglés, fixemos carteis sobre Darwin



Gorka Ibarra



Club de fans



David, Adrián A., Adrián D, César, Cristina, Jorge, Gorka

## XI OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA PARA 2º DE ESO

Os nosos alumnos Igor Irigoyen Pérez e David Martínez Rial clasificáronse para a fase final da olimpíada matemática galega para 2º de ESO. O 22 de maio celebrárase esta fase en Vigo, onde competirán 40 alumnos/as de toda Galicia.

## V SEMANA MATEMÁTICA CAIXANOVA. CONCURSO LIGAMATS 2009

Noraboa aos nosos alumnos Saul Díaz, Igor Irigoyen, David Martínez e Román Portela (de 2º de ESO) por quedaren campións da categoría B do concurso Ligamats da V semana matemática Caixanova, celebrado o día 13 de maio de 2009.



Na mesma categoría, en segundo lugar tamén quedaron os nosos alumnos Luís Bartolomé, Adrián Estévez, Iria Ferradás e Óscar Iglesias (de 1º de ESO)



Así mesmo Lorena Domínguez, Victor Rodríguez, Guillermo Rial e Patricia Suárez (4º de ESO), quedaron en terceira posición da categoría A do mesmo concurso.






# PERSOEIROS QUE VISITARON O INSTI



Asun Estévez



Agustín Fernández Paz



Dr Luis Amador



Xurxo Souto



# DEPORTES NO INSTI

O Alexandre Bóveda é un insti bastante deportivo e así o demostran as competicións levadas a cabo este curso, fútbol, balonmán e a novidade do brilé. Tamén recibimos a visita de xogadores de baloncesto do Gestibérica e do equipo de hoquei.







## OS QUE SE VAN ESTE ANO

**REMATOU . . .**

“Chegou o momento de escribir esas liñas.”

Esta frase rebota na miña cabeza, xa sei que chegou o momento de escribir esas liñas, pero a pregunta é, que liñas?

As palabras parece que foxen de min, non me dan permiso para que as use, din que non saberei usalas ben, que non estou preparado... O mellor teñen razón, total, quen son eu para levarlles a contraria?

Fai case sete anos, entraba cos meus compañeiros neste enorme edificio descoñecido, o que a xente chamaba con aquela palabra que soaba a maior, “instituto”. Sen dúbida non sabía o que me esperaba nos anos seguintes, pero sabía que ían pasar cousas, iso si que o sabía, debía ser o único que sabía certo.

E si, non me equivocaba, pasaron cousas, xa che digo!

Risas... Choros... Amistades... Amores... Exames... Sen dúbida os grandes protagonistas e compañeiros inseparables o longo destes anos. Pasamos de ver o Xabarín Club polas tardes mentres comiamos un bocata a intentar entender a “dúbida metódica” de Descartes.

Pasaron moitas cousas, moitísimas, polo tanto non as vou mencionar porque non remato hoxe, pero si quero dedicarlle unhas liñas (se as palabras me deixan) o que creo que foi o maior acerto que tiveron estes anos, O Club de Lectura. Podedes pensar o que queirades, pero para min pertencer o Club foi o mellor que puiden facer, sen dúbida. Moitas cousas xurdiron de aí, desas reunións comentando libros entre risos e comida. Supoño que esa é a maxia dos libros.

Pasaron 7 anos e aquí estou, xuntando estas palabras para... para...

Din que nos temos que ir, que temos que seguir, que isto rematou...

Pode que fisicamente si nos vaíamos, pero algo noso vai quedar no instituto para sempre, entre as lousas do chan, nas mesas, nos libros ou nas follas das árbores, quen sabe. Pero o instituto tamén quedará en nós, nas nosas neuronas, ou a saber, o que é seguro, e isto non o dubido, e que forma parte xa do noso ADN para sempre.

“Todo o bo remata” dicía o Xabarín.

Gracias palabras, espero que vos usara ben. Realmente servides para expresar calquera cousa ou idea, mágoa que a xente vos use tan pouco.

Unha estrana sensación percórreme, non sabería dicir...

Pois si, chegara o momento de escribir esas liñas.

*Pablo Carrera 2º Bach-D, Alumno do IES Alexandre Bóveda.*

## OS 2ºs DE BACHARELATO



### 2º A



### 2º B





2° C



2° D



# ÚLTIMA HORA: OS ROMANOS INVADEN O INSTI

## HISPANIA

## EXERCITO

LEXIONARIO

## IMPERIO

**FOI**

A maior potencia militar e politica do mundo antigo

**Tivo**

Diferentes formas de governo: Monarquia, Republica, Imperio

**CONQUISTOU**

Os terrenos mais férteis em Europa, Norte de Africa, Oriente proximo

**Gracias a**

Um exercito profissional e disciplinado. Fuzileiros romanos que deram os seus nomes a conquistadores

**FUNDOU**

Cidades

**Erans**

Centros de cultura politica e economica, centros de cultura, literatura, arte e cultura

**CREOU**

Um modelo de sociedade

**Baseado en**

Disciplinamento do exercito e estabilidade litica. Mecanismo de recrutamento


**DESENVOLVEU**

Formas concretas de organizacion

**Mediante**

Unhas técnicas de guerra. Unha disciplina concreta. Unha maneira de vida e comportamento distintos

Menos mal que os nosos amigos galos, comandados por Benigno, nos axudan





IES Alexandre Bóveda  
curso 08-09



O BESBELLO